

# ANDRÉS GAOS BERA: ESBOZO BIOGRÁFICO DUN MÚSICO INTEGRAL POR JULIÁN JESÚS PÉREZ FERNÁNDEZ

Andrés Gaos Bera veu a luz na Coruña en 1874. A tradición musical da súa familia, que se remonta ao século XVIII, foi determinante e favoreceu que o neno Andresiño puidese estudar música. Quizais algúns coruñeses lembren a antiga tenda de partituras e instrumentos situada na rúa Real que levaba o nome do seu tío Canuto Bera<sup>4</sup>.

## 1. Infancia e formación

Aos dez anos Andresiño preséntase con éxito nun concurso musical que tivo lugar en Vigo. Tamén actuará en Pontevedra, onde recibe unha medalla conmemorativa outorgada pola Xunta dos Xogos Florais desta cidade. Non perderá a ocasión de actuar na Coruña: preséntase en 1885 no Teatro Principal (hoxe Rosalía de Castro). O seu éxito foi tan grande que o público botou pombas e flores ao escenario, segundo o costume da época.

O noso pequeno artista tivo a sorte de que alguén –acaso o seu tío Canuto– se preocupase do seu futuro; desta maneira, conseguiu que a

---

4 A tenda Canuto Bera y Cia. estivo aberta entre 1854 e 1987. Os fondos bibliográficos atópanse na Biblioteca da Excm. Deputación da Coruña.

Deputación coruñesa subvencionase os seus estudos no Conservatorio de Madrid. Durante dous anos (1886-1888) realiza brillantemente a carreira de violín, que rematará co primeiro premio. O seu profesor era Jesús de Monasterio, compositor e importante pedagogo daquela época<sup>5</sup>. Non abandonou as súas actuacións públicas nesta etapa; mesmo participou nun concerto organizado pola S. M. a Raíña rexente. Ao volver á súa cidade ofrece un concerto de agradecemento á Deputación, acto no cal interveñe tamén a Orquestra do Círculo de Artesáns.

En 1989 a Deputación accede ao pedimento do seu pai, relativo a que a devandita entidade continuase a subvencionar os estudos de Andrés. Grazas a este apoio, o mozo violinista realizará estudos de virtuosismo en París e en Bruxelas, onde tivo a oportunidade de traballar cos mellores mestres do momento; será o Conservatorio da cidade belga o que lle outorgue a súa Medalla de Ouro.

Gaos gozou sempre de boas acollidas perante o público internacional. Un crítico milanés calificou a Gaos con palabras moi eloxiosas:

*“Artista de alto valor, intérprete exquisito e executante impecable, que extrae das composicións todo o íntimo espírito, case sen deixar de advertir os arduos problemas da técnica e do virtuosismo.”*<sup>6</sup>

## 2. Da mocidade á madurez

Non cabe dúbida de que Andrés Gaos recibiu unha completa e sólida formación. Como era de agardar, a súa carreira debía proxectarse

---

5 Autor, entre outras obras, dun *Concierto para violín y orquesta en Si menor* que foi grabado en 2010.

6 Citado en CARTELLE ÁLVAREZ, Ramiro (1974), “GAOS BEREÁ, Andrés” (orixinal en castelán), en *Gran Enciclopedia Gallega-Tomo 15*, Santiago, p. 140 (artigo completo: pp. 138-146)

fóra de España, e así foi: tiña vinte anos cando embarcou en Vigo rumbo a Cuba, México e a Arxentina. Debuta en Bos Aires e o seu primeiro concerto, segundo un crítico de prensa, causou un “*verdadeiro frenesí*”. Así debeu ser, a xulgar pola enorme cantidade de países que visitou durante catro décadas.

Vai ser o novo continente o que acolla outra faceta importante de Andrés Gaos: a pedagogía. Exerce durante uns anos o ensino da música en Montevideo, onde funda o Conservatorio Gaos a raíz do seu matrimonio con América Montenegro, soprano uruguiaia. Máis tarde fixará a súa residencia en Bos Aires, onde vai desempeñar un interesante labor pedagóxico.

Non abandona a súa actividade como intérprete, senón que a diversifica: é violinista, pianista de cámara coa súa esposa e director de orquestra; como exemplo desta última faceta, abonde dicir que dirixiu en 1937 a Orquesta Lamoureux en París. Foi designado para dirixir os Concertos Sinfónicos de Música Arxentina na Exposición Universal. Segundo a crítica, a actuación tivo éxito. Andrés Gaos incluíu no programa dúas obras súas, a petición do goberno arxentino: o poema sinfónico *Un crepúsculo en la Alhambra* (hoxe coñecida como *Granada* e a preciosísima *Impresión Nocturna* para orquestra de corda; paga a pena deterse un momento nesta última, se cadra brevemente.

O estilo musical que desenvolve Gaos na súa *Impresión Nocturna* permitiu que a crítica a emparentase coa expresionista *Verklärte Nacht* de Arnold Schönberg e o *Adagio* de Samuel Barber. Hoxe podemos afirmar que a obra goza dunha importante difusión grazas aos diversos rexistros en disco compacto<sup>7</sup>. Non é menos certo que a *Impresión Nocturna* atópase hoxendía no repertorio de moitas orquestras. É unha

---

7 Cf. [www.andresgaos.com](http://www.andresgaos.com) no apartado “Discografía”

obra moi bela, chea de colorido e dinámica. Consta de tres seccións: a central elévase á máxima categoría expresiva, debuxada por unha melodía sinuosa e cromática, que vai *in crescendo* ata alcanzar un punto culminante de tensión. A partir de aí, a melodía e a dinámica vanse relaxando para enlazar coa reexposición do tema inicial, tranquilo, repousado, *nocturno*.

### 3. Do outono ao ocaso

Establecido na Arxentina, e ante a chegada da primeira guerra mundial, o noso artista vese limitado para actuar fóra deste país. As súas actividades serán agora a pedagogía, a composición e a dirección de orquestra. Pouco antes da fin da contenda, Gaos divórciase da súa primeira esposa e contrae matrimonio cunha alumna súa, chamada Luisa Guillochon.

En 1936 é designado inspector de música de ensino primario; nese momento abandona Gaos definitivamente a súa carreira como concertista. Ademais, as súas novas creacións xurdirán cada vez con menos frecuencia: séntese desilusionado ante a inxusta valoración da súa obra. Segundo Ramiro Cartelle:

*“Debido a unha serie de circunstancias –incomprensións ou envexas artísticas; o seu propio carácter, independente, que non se aviña a rogos e pedimentos– a maioría das súas composicións non chegaron a se estrear...”*<sup>8</sup>

Xubilado dos seus cargos oficiais polo goberno de Perón en 1948, dedicará os últimos anos da súa vida ao ensino privado e ao seu fogar.

---

8 CARTELLE ÁLVAREZ, Ramiro (1974), *Ibídem* (orixinal en castelán)

Xa non veremos máis a aquel Gaos inmerso na vida musical europea e americana.

Foi en 1959 cando Andrés Gaos, talvez presentindo a súa próxima despedida deste mundo, quixo honrar unha vez máis a terra que o vira nacer. Escribiu unha pequena xoia: unha canción para voz e piano titulada *Rosa de abril*, sobre un poema de Rosalía de Castro. Di o seu fillo Andrés Gaos Guillochon nunha carta:

*“Estaba do máis entusiasmado coa súa romanza, e irradiaba aos que o rodeaban unha pegañenta alegría, que se nos mesturaba en escintilacións de tristeza e admiración, pois todos viamos que a súa saúde estaba en franco declive, e que a fin se aproximaba.”*<sup>9</sup>

Transcorreron máis de cincuenta anos desde aquela. Hoxe podemos dicir que grazas a moitas persoas, entre investigadores e difusores da obra gaosiana, intérpretes (solistas e agrupacións) e entidades, o ano 1959 non foi máis que a fin do principio. Andrés Gaos a música merecíanlo.

---

9 Citado en CARTELLE ÁLVAREZ, *Ibídem* (orixinal en castelán)



Primeira páxina da Impresión Nocturna en partitura de copista

**Granada**  
 "Na Alhambra á tardáda"  
 "Un atardecer en la Alhambra"  
 (poema sinfónico para orquestra)

Andrés Gaos (2010) (2010)

Andrés Gaos (2010)

Andrés Gaos (2010)

Primeira páxina da partitura do poema sinfónico Granada en: Gaos Berea, Andrés, Granada (Revisión de Andrés Gaos Guillochón y Joam Trillo), AGADIC e Dos Acordes S.L., Baiona (Pontevedra), 2010